



Prórroga do convenio de colaboración formalizado o 13 de decembro de 2023 entre a Xunta de Galicia e a Naviera Mar de Ons, SL, para a integración dos servizos de transporte marítimo do corredor Cangas-Vigo na Área de Transporte Metropolitano de Vigo, tramitado como expediente anticipado de gasto

Asinado o 11 de decembro de 2025

REUNIDOS:

Dona Judit Fontela Baró directora xeral de Mobilidade, actuando por delegación do conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, de acordo co establecido na Orde do 12 de xuño de 2024 sobre delegación de competencias na Secretaría Xeral Técnica e noutros órganos desta consellería (DOG Núm. 117, do 18 de xuño).

Don Juan Carlos Nascimento Sesto, actuando en nome e representación da empresa Naviera Mar de Ons, SL, segundo poder outorgado ante o notario Jorge Eduardo Da Cunha Rivas de Sanxenxo, mediante escritura do 19 de xaneiro de 1998.

As partes recoñécense competencia no concepto no que respectivamente interveñen e con capacidade legal para formalizar esta prórroga do convenio de colaboración, e para ese efecto

EXPOÑEN:

Primeiro.- O 13 de decembro de 2023 a entón Consellería de Infraestruturas e Mobilidade da Xunta de Galicia e a empresa Naviera Mar de Ons, SL, asinaron un convenio de colaboración para dar continuidade á integración dos servizos de transporte marítimo entre os núcleos de Vigo e Cangas e viceversa, na Área de Transporte Metropolitano de Vigo.

Segundo.- A cláusula oitava -vixencia- establece que o dito convenio subscríbese no marco do convenio de colaboración para o desenvolvemento conxunto do transporte metropolitano de Galicia na área de transporte metropolitano de Vigo, entrando en vigor o día 1 de xaneiro de 2024 e manterá a súa vixencia por dous anos, mais tamén prevé que *poderá ser obxecto de prórroga expresa para o mantemento das bonificacións máis alá da data inicialmente prevista, por un ou varios períodos sucesivos ata acadar o período máximo establecido legalmente, e coas obrigas xurídicas e financeiras establecidas para a aprobación da referida prórroga, previo acordo entre ámbalas dúas partes asinantes, indicando que os indicados acordos de prórroga deberán ser adoptados con anterioridade ao 15 de decembro do ano do seu vencemento, ou do vencemento da correspondente prórroga, e no mesmo deberán detallarse as liñas de actuación a seguir cara ao novo marco de colaboración.*

Acordada a prórroga de referido Convenio Marco por un período de dous anos, é preciso realizar unha renovación do convenio asinado con data 13 de decembro de 2023



entre a Xunta de Galicia e a empresa Naviera Mar de Ons, SL, para dar continuidade á finalidade que se persegue con este instrumento de colaboración que incorpora aos servizos marítimos as previsións de bonificación tarifaria prevista no Convenio formalizado entre as administracións públicas que integran a ATM de Vigo.

Terceiro.- Para a execución desta prórroga a Xunta de Galicia dispón de crédito orzamentario abondo con cargo á aplicación orzamentaria 05.02.512A.470.1, dentro do programa de gasto destinado á Área de Transporte Metropolitano de Vigo. A administración aboará, con cargo á citada aplicación orzamentaria, o gasto real derivado da utilización do servizo.

De conformidade con todo o exposto, é vontade das partes relacionadas no encabezamento aprobar esta prórroga, consonte coas seguintes condicións,

PRIMEIRA.- Prórroga da vixencia do convenio de colaboración

Prorrógase a vixencia do convenio de colaboración formalizado o 13 de decembro de 2023 entre a Xunta de Galicia e a empresa Naviera Mar de Ons, S.L., para dar continuidade á integración dos servizos de transporte marítimo entre os núcleos de Vigo e Cangas e viceversa, na Área de Transporte Metropolitano de Vigo, nos termos nos que foi redactado, ata o 31 de decembro de 2027, e no marco do Convenio de colaboración para o desenvolvemento conxunto do Transporte Metropolitano de Galicia na área de Vigo asinado en data 27 de decembro de 2021, por un período de dous anos, que foi prorrogado ata o 31 de decembro de 2025 por acordo da comisión de seguimento de data 27 de novembro de 2023; e ata o 31 de decembro de 2027, por acordo da comisión de seguimento de data 26 de novembro de 2025.

SEGUNDA.- O gasto anual estimado correspondente a esta prórroga está previsto no programa de gasto destinado á Área de Transporte Metropolitano de Vigo na aplicación orzamentaria 05.02.512A.470.1, con cargo á cal a administración aboará o gasto real derivado da utilización do servizo.

TERCEIRA.- No non establecido expresamente neste acordo de prórroga, resultarán de plena aplicación as cláusulas e disposicións do convenio formalizado o 13 de decembro de 2023.

E para que conste, e en proba de conformidade, os comparecentes asinan esta prórroga de convenio na data da sinatura electrónica.

A Directora xeral de Mobilidade

Por Naviera Mar de Ons, SL

Judit Fontela Baró

Juan Carlos Nascimento Sesto